

“A friaxe de febreiro é amiga do lobo larpeiro”



É necesaria, antes de que se perda no esquecemento, a pronta recuperación dunha parte do noso patrimonio cultural, como é o refraneiro. Cínicos, humorísticos ou ben ásperos. Pero sempre ben encaixados na sabedoría popular. O noso refraneiro, transmitido pola tradición oral de xeración en xeración, supón unha certa análise da realidade do país.

Como ben di o refrán o mes de febreiro adoita ser un dos meses máis fríos do ano. Pero tamén neste mes case sempre coincide unha das festas tradicionais máis esperadas por todos e todas. Chega o Entroido!

Nos pobos e vilas o Entroido non perdeu os seus elementos tradicionais mantendo o seu folclore. Sobre todo, destacan unha serie de vilas ourensás que souberon conservar a festa: Verín, Laza, Viana do Bolo, Bande, Xinzo e Monterrei.

É tamén o tempo de pratos tradicionais como o cocido, as filloas e as orellas.

